boletín
das
ciencias
Ano XIV Nº 45
marzo 2001
✦✦✦✦✦✦✦✦✦✦✦
Enderezo Postal:
ENCIGA
Apartado 103-Santiago
Coordinación:
Ramón *Cid Manzano*
Rafael *Sisto Edreira*
Consello de Redacción:
Luis *Cachafeiro Chamosa*
Elvira *Cienfuegos López*
Juan R. *Gallástegui Otero*
Rosario *García-Echave López*
Antón *Labraña Barreiro*
Maquetación e deseño:
Salomé *Pastrana Vázquez*
Edita: ENCIGA
Asociación dos Ensinantes de Ciencias de Galicia
Xunta Directiva:
***Presidente*:**
Xosé *Mendoza Rodríguez*
***Vice-Presidente*:**
Manuel R. *Bermejo Patiño*
***Secretario*:**
Paulino *Estévez Alonso*
***Tesoureiro*:**
Anxo *Freire País*
Coordenador Sec. Matemáticas
Manuel *Rodríguez Maio*
Imprenta:
Gráficas Garabal SL
ISSN: 0214-7807
Dep. Legal: LU-537-89

Presentación

Xa estamos no século XXI, achegándonos cada vez máis o medio cento de números da nosa revista. e no decimocuarto ano de presencia entre nós. Ademais, cumpriremos un vello soño, pois nestes momentos estamos a piques de presentar a nosa PÁXINA WEB, que debe darlle á ENCIGA un novo pulo, xa que a través dela estaremos en calquera parte do mundo. Queremos axudar tamén a facer Galicia desde a rede. Son, sen dúbida, logros importantes, que sen embargo, non deben agachar que a maioría dos nosos socios non teñen unha presencia activa na asociación. Máis que nunca é hora de que todos fagamos esforzos por recobrar aquel espírito de colaboración e compañeirismo que fixo nacer a nosa asociación. É tempo de unir vontades e de recobrar forzas, tempo de traballar por unha utopía.

Tanto a revista, o congreso, as outras iniciativas impulsadas desde dentro e fóra da directiva, agora a nosa Web, precisan de todos vós para que ENCIGA camiñe dignamente. Sabemos que non é fácil renovar ilusións cando os tempos que corren invitan a todo o contrario, pero se nós non loitamos polo noso ¿quen o vai facer?

Non caiamos no pesimismo estéril e inútil. Un pouco de cada quen significará moito entre tantos. Neste primeiro número do novo século solicitamos, coa convicción de sempre, a vosa colaboración para que ENCIGAsexa de verdade o lugar de encontro e a referencia que como colectivo agora precisamos máis que nunca.

Hai razóns para a ilusión. Non temos máis que lembrar o éxito de organización do XIII Congreso en Noia, e aproveitamos estas liñas para felicitar e agradecer ó Comité Organizador e a tódalas persoas que colaboraron polo seu magnífico traballo.

Ilustración de portada:

Gravado dun arco voltaico con regulador de DUBOSCQ

O 2 de abril de 1851 prendeuse, cun aparello similar a este, a primeira luz eléctica en España, feito que tivo lugar no clautro da Universidade de Santiago

As ideas e opinións expresadas neste boletín non se corresponden necesariamente coas da Asociación

Tirada 2000 exemplares